


1. Estudo económico.....	3
2. Memoria da viabilidade económica da actuación	4



1. ESTUDO ECONÓMICO

A actuación ten por obxecto executar un equipamento do sistema xeral, que se integrará, no futuro, no sector de solo urbanizable SUD-1.

Os custes estimados son os que se consideran necesarios para executar as previsións do Plan especial, garantir a integración da actuación na súa contorna e acadar a plena funcionalidade da dotación en tanto non se desenvolva o sector.

A avaliación distingue as actuacións que se integran no sistema viario público municipal tanto rodado como peonil, das actuacións de urbanización e edificación da parcela destinada á plataforma loxística propiamente dita.

Os módulos de urbanización empregados foron facilitados polo Servizo de Obras e Proxectos do Concello, a partir das súas fórmulas de cálculo e das estatísticas de custes de outras actuacións.

ESTUDO ECONÓMICO DA IMPLANTACIÓN DA PLATAFORMA LOXÍSTICA				
	ámbito	superficie (m2)	módulo (€/m2)	importe (€)
URBANIZACIÓN RUAS DE CONTACTO				
Rúa da Nogueira de Mallou	Superficie considerada todo o fronte da Plataforma ata o enlaca coa rúa da	1.350		
	Ampliación da rúa (Zona ASV)	620		
Avenida do cruceiro da Coruña	Conexión exterior fronte as vivendas existentes	500		
	TOTAL	2.470	110,00	271.700,00
ACTUACIÓNS EXTERIORES				
Soterramento liñas media tensión				200.000,00
Conexión a saneamento	Extensión colector desde Rúa da Nogueira ata punto de conexión			40.000,00
ITINERARIOS PÚBLICOS				
IP/AA-	Paseo peonil-Zona de amortecemento	1.537	42,50	65.322,50
IP/RV-	Paseo peonil-reserva viaria	1.341	30,00	40.230,00
	TOTAL URBANIZACIÓN EXTERIOR E ZONAS DE USO PUBLICO			617.252,50
URBANIZACIÓN INTERIOR DA PARCELA				
Zona ELP	Inclúe parte proporcional de zona pavimentada	7.283		
Zona asimilable a ELP	Consideramos un 40 % da AME asimilable a ELP	1.120		
	TOTAL	8.403	60,00	504.180,00
EDIFICACIÓN				
ZONA EDIFICADA	Consideramos un 60% da AME destinado a nave	1.680	546,96	918.890,29
	TOTAL EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN INTERIOR DA PARCELA			1.423.070,29
orçamento de execución material		OEM	TOTAL	2.040.322,79
			GG (13%)	265.241,96
			BI (6%)	122.419,37
orçamento de contrata		OC		2.427.984,12

2. MEMORIA DA VIABILIDADE ECONÓMICA DA ACTUACIÓN

As actuacións previstas polo plan especial están incluídas no proxecto denominado “*Plataforma loxística para a distribución de mercancías no casco histórico de Santiago*” que o Concello de Santiago presentou ao programa estatal de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do *Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía* e dos mecanismos de Recuperación e resiliencia europeos, que canalizarán os fondos *Next Generation*.

Na memoria técnica e financeira elaborada polo Concello para presentar o proxecto á convocatoria destas axudas inclúese, no apartado 5.2, a previsión de financiación do proxecto de urbanización da parcela e das súas conexións exteriores como parte da fase relativa a licitación do proxecto e da obra da plataforma loxística.

Pola súa banda, no apartado 3.4 da memoria, *Solidez financeira*, indícase que o Concello -que impulsa a dita actuación en colaboración co Consorcio da Cidade- conta con capacidade financeira suficiente para a execución do proxecto, e tamén se aporta o compromiso da Xunta de Goberno Local de dotar ao proxecto cos fondos necesarios para a súa continuidade.

Na documentación complementaria achegada no Anexo 3 da *Memoria xustificativa* inclúese a dita información, suficiente para contrastar a viabilidade da actuación proposta.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Esther Sánchez Espiñeira, arquitecta
Asinado electronicamente